Sesión maxistral	Avaliación do grao de asimilación do temario exposto na aula durante as sesións maxistrais, mediante probas que combinen preguntas de resposta curta con preguntas tipo test. Débese acadar un nivel medio como mínimo para sumar a puntuación dos outros apartados.	50
Traballos de aula	Avaliación de actividades prácticas de aula mediante informes/memorias que impliquen a descrición da actividade realizada na aula e reflexión sobre a súa vinculación coa materia e titulación	25
Traballos tutelados	Avaliación do traballo monográfico relacionado coa materia que o/a estudante/a realiza de maneira autónoma en pequeno grupo, de xeito cooperativo e baixo a supervisión do profesor. Ademais da estrutura e contido se avaliará a presentación do traballo ou proxecto. O traballo inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e presentación, manexo das TIC e a Plataforma TEMA .	20

Other comments on the Evaluation

Avaliación Alumnado Non Presencial que non poida seguir actividades de aula de xeito regular : criterios similares aos da modalidade presencial coa salvedade de que como non participan nas actividades prácticas de aula compensarán estas con un traballo adicional práctico ademais do teórico. A súa avaliación basearase en: examen que combina preguntas de tipo test con preguntas curtas sobre material impreso vinculado co temario que se lle indicará oportunamente (50% máximo da calificación), un traballo teórico (25% máximo da calificación), un traballo práctico (25% máximo da calificación), ambos planificados previamente de acordo co profesor. Para facer a media dos traballos co exame haberá que ter aprobado este.

Enténdese por alumnado non presencial aquel que non pode asistir ao menos ao 70% das sesións teóricas e prácticas. O alumnado que comence como presencial e non chegue a este nivel de asistencia, automaticamente pasará a non presencial.

Segunda Convocatoria (Xullo): se conservarán as calificacións das competencias e probas superadas para a Convocatoria de Xullo, na que se examinará o alumnado só das competencias e probas non superadas previamente.

Nota: o exame oficial da materia (ver Taboleiro de Horarios de Traballo Social, planta baixa do Edificio de Ferro)

Exame de Xuño/Xullo: (ver Taboleiro de Horarios para saber día, hora, aula e data de revisión).

Titorías do profesorado: ver web Facultade

Bibliografía. Fontes de información

Baron, R.A. e Byrne, D., **Psicología Social**, Pearson,
Franzoi, S., **Psicología Social**, McGraw-Hill,
Gómez, A., Gaviria, E., Fernández, I., **Psicología Social**, Sanz y Torres,
Morales, J.F. e Olza(Coords.), **Psicología Social y Trabajo Social**, McGraw-Hill,
Cuadrado, I. e Fernández, I., **Psicología Social**, Sanz y Torres,

Ademais da bibliografía fundamental arriba sinalada, se terán en conta as fontes que se citan a continuación e que inclúen diferentes soportes. De todos modos, para os traballos tutelados se recomendarán fontes específicas ademais das sinaladas a continuación.

Fernández, I., Cuadrado, M.I. (2012). *Psicología Social*. Madrid: Sanz y Torres.

Gómez, A., Gaviria, E., Fernández, I. (2006). *Psicología Social*. Madrid: Ed. Sanz y Torres

Hewstone, B.(1999). *Introducción a la Psicología Social*. Barcelona: Ariel.

Morales, J.F., Moya, M., Gaviria, E., Cuadrado, I. (2007). *Psicología Social*. Madrid: McGraw-Hill.

Palací, F.J.(2005). *Psicología de la Organización*. Madrid: Pearson.

Paterna, C., Martínez, MC. e Vera, J.J. (2003). *Psicología Social*. Madrid: Pirámide.

Diego Vallejo,, R., Chico, M. (2006). *Prácticas de Psicología Social*.Madrid: Pirámide.

2. Complementaria

Alvaro,J.L.; Garrido Luque, A. (2003). *Psicología Social*. Madrid:McGraw-Hill.

Berjano, E. e Pinazo, S. (2001). *Interacción social y comunicación*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Bueno, J.R., Lila, M., Molpeceres, M.A., Pinazo, S. (1999). *Psicología Social*. Valencia: Gules.

Expósito, F. e Moya, M. (Coords.) (2005). *Aplicando la Psicología Social*. Madrid: Pirámide.

Gómez Jacinto, L., e Canto Ortiz, J.M. (Coords.) (2000). *Psicología Social*. Madrid: Pirámide.

Hernández, B. , Valera, S., e Suárez (2003). *Contextos y procesos en la intervención psicosocial*.Tenerife: Resma.

Hewstone et al. (1990). *Introducción a la Psicología Social*. Barcelona: Ariel.

López Cabanas, M., e, Chacón, F. (1997). *Intervención Psicosocial y Servicios Sociales*. Madrid: Síntesis.

Morales, J.F. et al. (1994). *Psicología Social* (2ª Ed.). Madrid: McGraw-Hill.

Munduate, L. (1997). *Psicología Social de la Organización*. Madrid: Pirámide.

Peiró, J.M. (1991). *Psicología de la Organización* (2 vols.) (5ª ed.). Madrid: U.N.E.D.

Quijano, S.D. De (1993). *La Psicología Social en las Organizaciones: Fundamentos*. Barcelona: P.P.U.

Sánchez, A. (2002). *Psicología Social Aplicada*. Madrid: Prentice-Hall.

European journal of social psychology.

Journal of personality and social psychology

Revista de psicología social

-Enlaces básicos:

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Administracion/Biblioteca/

www.eduso.net

Current research in social psychology

European review of social psychology

Journal of community and applied social psychology

Social psychology

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital/O05G220V01301

Psicoloxía: Métodos e técnicas de investigación social/O05G220V01403

Subjects that it is recommended to have taken before

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural/O05G220V01101

Psicoloxía: Psicoloxía básica/O05G220V01103

Socioloxía: Socioloxía xeral/O05G220V01203

IDENTIFYING DATA				
Servizos sociais especializados I				
Subject	Servizos sociais especializados I			
Code	005G220V01304			
Study programme	Grao en Traballo Social			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	1c
Teaching language				
Department	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinator	Mendez Rodriguez, María José			
Lecturers	Mendez Rodriguez, María José			
E-mail	mjmenendez@uvigo.es			
Web				
General description	Os Servizos Sociais, entendidos como instrumentos da Política Social que actúan sobre as necesidades sociais, son de máximo interés para @s alumn@s ó constituir un dos campos máis importantes da súa actividade profesional. Coñecer e comprender o obxecto, mecanismos de actuación, modos de provisión dos servizos sociais especializados da promoción da autonomía e atención a dependencia así como da inclusión social resultan imprescindibles para o desempeño profesional do Traballo Social.			

Competencias de titulación	
Code	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
A4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
A6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
A7	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A9	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
A10	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
A19	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
A21	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
A22	Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
A24	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
A31	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Capacidade reflexiva
B12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
B18	Aprendizaxe autónoma

Competencias de materia	
Expected results from this subject	Training and Learning Results

Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias A1 A8

Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz

Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención A9

Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social A6

A7

Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención

Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados A10

Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais A2

Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias A3

Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión A4

Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir A19

Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma A21

Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco A22

Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan A31

Capacidade de análise e síntese B1

Capacidade de organización e planificación B2

Capacidade reflexiva B3

Traballo en equipo de carácter interdisciplinar B12

Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade A24

Aprendizaxe autónoma B18

Contidos

Topic

Tema1: Estructura organizativa dos servizos sociais especializados na Comunidade Autónoma Galega. - Definición, funcións, clasificación. - Tipoloxía

Tema 2: Servizos sociais para a autonomía persoal e atención a dependencia. - Normativa estatal e autonómica sobre dependencia. - Definicións dos termos establecidos na lei. - Beneficiarios. - Valoración de graos. Calendario de implantación. - Servizos e prestacións do SAAD. - Compatibilidade entre servizos e prestacións. - Outros servizos, programas e prestacións da Comunidade Autónoma.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	20	40	60
Seminarios	12	6	18
Presentacións/exposicións	3	5	8
Saídas de estudo/prácticas de campo	0	6	6
Traballos tutelados	6	12	18
Actividades introdutorias	2	6	8
Probas de tipo test	2	30	32

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

Description

Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores. Entre elas pódense citar prácticas de campo, visitas a eventos, centros de investigación, empresas, institucións... de interese académico-profesional para o alumno.
Traballos tutelados	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Presentacións/exposicións	A profesora de forma individual ou en pequeno grupo, atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (na aula e titorias de despacho) ou de forma non presencial (através do correo electrónico).
Traballos tutelados	A profesora de forma individual ou en pequeno grupo, atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (na aula e titorias de despacho) ou de forma non presencial (através do correo electrónico).

Avaliación

	Description	Qualification
Traballos tutelados	Valoraránse os traballos solicitados e presentados polo estudante de xeito individual e /ou grupal na modalidade presencial. Para a modalidade non presencial deberán presentar un traballo práctico relacionado coa materia .	20 P
Probas de tipo test	Exame teórico tipo test sobre os contidos da materia impartidos através de clases maxistras. Constará de 40 preguntas con dúas alternativas de resposta, das cales só unha é verdadeira. O sistema de corrección será de acertos menos erros, estando o corte do aprobado en 18 para a modalidade presencial. Para a modalidade non presencial o aprobado estará en 24.	80 P
		10 NP
		90 NP

Other comments on the Evaluation

Haberá dúas modalidades de avaliación:

MODALIDADE DE AVALIACIÓN PARA ESTUDANTES ASISTENTES: Terán a consideración de asistentes aqueles alumnos que asistan a un 80% das clases prácticas e teóricas, si superan as non asistencias pasarán automaticamente a modalidade non asistente. Para aprobar a asinatura deberán ter aprobada a parte teórica e o examen práctico.

MODALIDADE DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES: Exame teórico de todos os contidos da materia, e traballo práctico. Para aprobar a asinatura deberán ter aprobado o exame teórico e o traballo práctico.

Convocatorias seguintes

As competencias non superadas, derivadas da totalidade e/ou de parte das probas/actividades obxecto de avaliación, poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Lei 9/91, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social. (DOG 3/10/1991). Derogados os artigos 53, 55 e 56 pola Decreto 374/91, do 24 de outubro que a desenvolve no relativo á RISGA (DOG 5/11/1991)

Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG nº 254 do 31/12/2004)

Recomendacións

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Conceptos, teorías e métodos en traballo social/O05G220V01302

Subjects that it is recommended to have taken before

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Organización dos servizos sociais/O05G220V01205

IDENTIFYING DATA				
Dereito: Dereito e traballo social				
Subject	Dereito: Dereito e traballo social			
Code	005G220V01401			
Study programme	Grao en Traballo Social			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Basic education	2	2c
Teaching language				
Department	Dereito privado Dereito público Dereito público especial			
Coordinator	Conde Fernández, Francisco Fernández Prieto, Marta			
Lecturers	Abundancia Domínguez, José Conde Fernández, Francisco Fernández Prieto, Marta			
E-mail	fconde@uvigo.es mfprieto@uvigo.es			
Web	http://http://fatic.uvigo.es			
General description	A materia Dereito e Traballo Social ten por finalidade o coñecemento de institucións básicas de Dereito civil, Dereito administrativo e Dereito do traballo e da Seguridade Social, coñecementos necesarios na formación dun Graduado en Traballo Social. En particular, preténdese formar ao estudante en nocións básicas de dereito de familia, contrato de traballo e integración no mercado laboral de colectivos con especiais dificultades, prestacións contributivas e asistenciais do Sistema de Seguridade Social e procedemento administrativo, que lle permitan captar a complexidade do marco normativo e das situacións nas que se poden atopar as persoas.			

Competencias de titulación

Code	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
A5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
A6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
A7	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A9	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
A19	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
A20	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
A21	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
A23	Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
A25	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
A26	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
A27	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
A31	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Capacidade reflexiva
B4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
B8	Capacidade de xestión da información
B9	Resolución de problemas
B10	Toma de decisións

B14	Habilidades nas relacións interpersoais
B15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
B16	Razoamento crítico
B17	Compromiso ético
B18	Aprendizaxe autónoma
B19	Adaptación a novas situacións
B23	Motivación pola calidade
B24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Competencias de materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results
(*)Coñecer o marco xurídico das relacións persoais e familiares, en especial entre cónxuxes e en relación cos menores; dos dereitos sociais, as políticas de integración socio-laborais e os elementos básicos do sistema de Seguridade Social; e do funcionamento das Administracións públicas	A1
(*)Analizar e asesorar sobre o exercicio de dereitos e o cumprimento de obrigas en relación coa familia, a empresa, a Seguridade Social e as Administracións Públicas en xeral	A8
Integrar no Traballo Social as esixencias que impoñen os marcos legais e as normas de prestación de servizos, en especial a esixencia de responsabilidade á Administración Pública	A19
Capacidade de análise e síntese	B1
Aprendizaxe autónoma	B18
(*)	B2
(*)	B3
(*)	B4
(*)	B8
(*)	B9
(*)	B10
(*)	B14
(*)	B15
(*)	B16
(*)	B17
(*)	B18
(*)	B19
(*)	A4
(*)	B23
(*)	A5
(*)	B24
(*)	A6
(*)	A7
(*)	A9
(*)	A20
(*)	A21
(*)	A23
(*)	A25
(*)	A26
(*)	A27
(*)	A31

Contidos

Topic	
PARTE I: ORGANIZACIÓN E ACTUACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	Concepto, formación histórica e bases constitucionais. O sometemento pleno da Administración á lei e ao dereito.
1. O Dereito Administrativo.	
2. O ordenamento xurídico administrativo.	As fontes do Dereito Administrativo. O regulamento: concepto e clases. Distinción entre regulamentos e actos administrativos. Inderrogabilidade singular e invalidez dos regulamentos.
3. O procedemento administrativo.	Concepto, significado e regulación positiva. Os interesados. As fases do procedemento administrativo: iniciación, instrución e finalización. A obriga de resolver. O silencio administrativo.
4. Os actos administrativos.	Concepto, clases e elementos dos actos administrativos. Eficacia do acto administrativo. Teoría da invalidez: os vicios dos actos administrativos. Impugnación e revisión dos actos en vía administrativa. A execución forzosa

PARTE II: CONTRATO DE TRABAJO,
INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL E
PROTECCIÓN SOCIAL

1. Concepto de Dereito do Traballo.- 2. O traballo asalariado.- 3. As fontes do Dereito do Traballo.- 4. Contrato de traballo. Concepto e caracteres. Partes. O traballador inmigrante. Forma. Salario e tempo de traballo. Extinción.

1. Significado do Dereito do traballo. O contrato de traballo.

2. A Seguridade Social. O Réxime Xeral.

1. O Sistema de Seguridade Social en España. 2. Actos de encuadramento.- 3. Cotización.- 4. A acción protectora: Asistencia sanitaria. Incapacidade temporal. Maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural. Redución de xornada por coidado de menor afectado de cancro ou enfermidade grave. Incapacidade permanente. Xubilación. Morte e supervivencia. Prestacións de protección á familia. Prestacións por desemprego. Protección asistencial.

PARTE III: DEREITO DE FAMILIA

1. Familia e Dereito de Familia.

A familia na Constitución. -A familia non matrimonial: as unións de feito e os seus efectos. -O matrimonio: concepto, natureza e caracteres. - Requisitos do matrimonio: capacidade matrimonial e impedimentos. - Relacións persoais e patrimoniais entre os cónxuxes. -A separación matrimonial. -A disolución do matrimonio. -A nulidade do matrimonio.

2. Filiación.

Determinación e proba da filiación. -A patria potestade. -A filiación adoptiva: concepto, efectos, extinción. - As institucións tutelares e de garda. -A protección de menores: desamparo, garda e acollemento. -A incapacidade

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Sesión maxistral	22.5	42	64.5
Estudo de casos/análises de situacións	12	12	24
Titoría en grupo	7.5	15	22.5
Probos de tipo test	3	36	39

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da *asignatura obxecto de estudo, os seus fundamentos teóricos e *directrices principais, contidos que deberán ser estudados polo alumno e que serán obxecto de avaliación.
Estudo de casos/análises de situacións	Formulación e resolución de casos prácticos a fin de levar á práctica os contidos teóricos da *asignatura. Para ese efecto, o docente propoñerá ao *alumnado a resolución de feitos, supostos, casos, sentenzas, *etc, coa finalidade de coñecerlos, *interpretalos, *resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os seus coñecementos e, no seu caso, intentar procedementos alternativos de solución.
Titoría en grupo	Entrevistas/conversacións do docente cos alumnos para *asesoramiento e desenvolvemento de actividades, debates, traballos tutelados... e do proceso de aprendizaxe en xeral

Atención personalizada

Methodologies Description

Titoría en grupo	Entrevistas/conversacións do docente cos alumnos para *asesoramiento e desenvolvemento de actividades, debates, traballos tutelados... e do proceso de aprendizaxe en xeral
------------------	---

Avaliación

	Description	Qualification
Sesión maxistral	Probos de tipo test. Probos para avaliación das competencias adquiridas con preguntas pechadas de elección múltiple. Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	68
Estudo de casos/análises de situacións	Probos de tipo test: Probos para avaliación das competencias adquiridas no traballo titorizado en grupos medianos que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20
Titoría en grupo	Probos de tipo test: Probos para avaliación das competencias adquiridas na actividade autónoma titorizada na aula que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	12

Other comments on the Evaluation

I. AVALIACIÓN fin de carreira:

Sistema de avaliación final. O alumno terá dereito a ser avaliado na convocatoria de fin de carreira mediante a realización dun exame final que representa o 100% da cualificación na materia. O exame final consistirá nunha proba tipo test, que incluíra aspectos teóricos e prácticos da materia.

II. AVALIACIÓN maio:

(i) Sistema de avaliación continua. Para acollerse ao sistema de avaliación continua e aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua, o alumno deberá cumprir o tres requisitos seguintes:

1. Acreditar asistencia a un 80% das clases maxistras, grupos medianos e accións titoriais, sen que, salvo casos excepcionais -ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, permítase xustificar a ausencia.
2. Obter unha cualificación de cinco ou superior como nota media que resulte do tres test que realizará ao longo do cuadrimestre, un por cada parte do programa. As probas tipo test realizaranse aproximadamente nas semanas cinco, dez e quince do cuadrimestre.
3. Obter no tres probas tipo test unha cualificación superior a 4. Próbalas tipo test incluírán preguntas de clase maxistral (68%), de grupo mediano (20%) e de accións titoriais (12%).

O alumno que obteña unha cualificación de 5 ou superior na avaliación continua e obtivese unha cualificación superior a 4 nas distintas probas quedará exento do exame final. Se o alumno ten suspensa unicamente unha das probas cunha cualificación inferior a 4, poderá optar por ir ao exame final con toda a materia ou examinarse unicamente da parte suspensa, pero, neste último caso, a cualificación final desa parte suspensa será unha media ponderada entre a primeira cualificación inferior a 4- (10%) e a obtida posteriormente (90%).

En todo caso, se algún alumno, con motivo suficientemente documentado e xustificado a xuízo das profesoras -ex. ingreso hospitalario-, non puidese realizar algunha do tres probas na data prevista para iso, poderá examinarse desa parte na convocatoria de maio sen penalización algunha.

(ii) Sistema de avaliación final. O alumno que non desexe acollerse ao sistema de avaliación continua ou que non cumpra os requisitos esixidos para aprobar a materia, terá dereito a ser avaliado na convocatoria de maio mediante a realización dun exame final que representa o 100% da cualificación na materia. O exame final consistirá nunha proba tipo test, que incluíra aspectos teóricos e prácticos da materia tratados en clases maxistras, grupos medianos e accións titoriais.

III. AVALIACIÓN xuño-xullo:

Se o alumno non aproba a materia na avaliación de maio, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo, conforme a criterios semellantes aos previstos para a primeira avaliación, aínda que cunha maior ponderación da parte suspensa, de modo que se un alumno ten suspensa cunha cualificación inferior a 4 unha soa do tres probas, poderá examinarse da parte suspensa na data fixada para a convocatoria de xullo, pero na cualificación desa parte suspensa faráselle a media ponderada entre a primeira cualificación inferior a 4- (20%) e a obtida na convocatoria de xullo (80%). En todo caso, o alumno poderá optar pola realización dun exame final con toda a materia da materia. O exame final consistirá nunha proba tipo test, que incluíra aspectos teóricos e prácticos da materia tratados en clases maxistras, grupos medianos e accións titoriais.

A nota obtida na avaliación continua non se conservará para convocatorias de cursos académicos posteriores. O alumno deberá someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

A data e horario das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2013-14

Bibliografía. Fontes de información

GAMERO CASADO, EDUARDO; FERNANDEZ RAMOS, SEVERIANO, **Fundamentos de Derecho Público: Derecho Administrativo para no juristas**, última edición,

AA.VV., VELASCO PORTERO, T., NÚÑEZ-CORTÉS CONTRERAS, P., (Dir.), **Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social para Titulaciones no jurídicas**, última edición,

AA.VV., **LEGISLACIÓN: Código/legislación de normas administrativas de cualquiera de las editoriales existentes en el mercado y actualizado a 2010**, última edición,

AA.VV., **LEGISLACIÓN: Código/legislación de normas laborales y de seguridad social de cualquiera de las editoriales existentes en el mercado y actualizado a 2010**, última edición,

Bercovitz Rodríguez-Cano, Rodrigo, **Manual de Derecho Civil. Derecho de Familia**, última edición,

AA.VV., **Código civil actualizado**, actualizado,

IDENTIFYING DATA**Habilidades sociais e de comunicación do traballo social**

Subject	Habilidades sociais e de comunicación do traballo social			
Code	005G220V01402			
Study programme	Grao en Traballo Social			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	2c
Teaching language	Galego			
Department	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinator	de Jesús Rodríguez, María Elena			
Lecturers	de Jesús Rodríguez, María Elena			
E-mail	elenadejesus@uvigo.es			
Web				
General description	A materia pretende proporcionar ao alumnado un coñecemento pormenorizado sobre as habilidades sociais e da comunicación, pilar básico non só no seu desenvolvemento persoal senón, e sobre todo, para o seu futuro exercicio profesional, baseado no traballo conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades, así como con outros e outras profesionais. Polo tanto, unha boa praxe do Traballo Social debe pasar necesariamente polo coñecemento e manexo de ditas habilidades.			

Competencias de titulación

Code				
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias			
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais			
A3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias			
A5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización			
A6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social			
A7	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención			
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz			
A10	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados			
A11	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención			
A12	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc			
A13	Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)			
A14	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)			
A15	Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos			
A16	Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes			
A17	Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos			

A18	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
A19	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
A20	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
A25	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
A26	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
A28	Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
A29	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
A30	Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Capacidade reflexiva
B5	Coñecemento da lingua estranxeira
B6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
B7	Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
B8	Capacidade de xestión da información
B9	Resolución de problemas
B10	Toma de decisións
B11	Traballo en e con equipos diversos
B12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Habilidades nas relacións interpersoais
B15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
B16	Razoamento crítico
B17	Compromiso ético
B18	Aprendizaxe autónoma
B19	Adaptación a novas situacións
B20	Creatividade
B21	Liderado
B22	Iniciativa e espírito emprendedor
B23	Motivación pola calidade
B24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Competencias de materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results	
1. Coñecer e comprender a importancia das habilidades sociais nas relacións interpersoais, os compoñentes básicos das mesmas e o seu entrenamento.	A6 A20 A26	B1 B2 B3 B11 B12 B14 B16
2. Intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.	A1 A7 A8 A10	B10 B14 B20
3. Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar ás súas condicións de vida.	A1 A2 A3 A11 A14 A15 A18	B2 B6 B9 B11 B14 B15 B24
4. Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades.	A13 A14	B6 B11 B14

5. Promover o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal.	A3 A5 A14 A16 A25 A28 A29	B5 B7 B8 B13 B14 B15 B18 B21 B22 B23 B24
6. Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos.	A1 A8 A15 A17 A30	B1 B9 B10 B14 B16 B17 B19 B24
7. Capacidade para apoiar ás persoas para que sexan capaces de manifestar as súas necesidades, puntos de vista e circunstancias.	A3 A19 A20	B14 B15 B24
8. Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias.	A3 A12 A14	B14 B15 B24

Contidos

Topic	
Bloque I: A comunicación como eixo da habilidade social	Relacións interpersoais e comunicación. O proceso de comunicación. Errores e barreiras na comunicación. Comunicación verbal e non verbal.
Bloque II: HHSS: aspectos teóricos	Relacións interpersoais e habilidades sociais. Aprendizaxe social e habilidades sociais. Concepto de habilidade social e competencia social. Modelos explicativos das HHSS. Componentes das HHSS. Estilos comunicativos. Conductas socialmente habilitadas: autoestima, autoimaxe, asertividade, autocontrol e toma de decisións
Bloque III: HHSS: aspectos metodolóxicos	Técnicas de avaliación das HHSS. Adestramento en HHSS: etapas e métodos. HHSS na infancia, a xuventude e a idade adulta
